



**COMUNICADO Nº 281/15
29 DE DECEMBRO DE 2015**

1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016

CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES





Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:

A Federación Galega de Automobilismo, e as empresas RALLYCAR e RMOParts organizan para o ano 2016 a **1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016**.

O presente regulamento complementarase co Anuario 2016, da Federación Galega de Automobilismo, nos apartados que non figuren neste documento.

Artigo 2.- PARTICIPANTES:

A) Poderán participar tódolos pilotos que estean en posesión das licencias Autonómicas Unicas, según o anexo I do anuario da F.G.de A. 2016, se inscriban na COPA, e participen nas probas puntuables.

B) A Federación Galega de Automobilismo resérvase o dereito de rexeitar calquera inscrición da **1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016**, sen ter que xustificalo, previo informe interno da Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 3.- VEHICULOS ADMITIDOS:

A **1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016** está reservada exclusivamente a tódolos vehículos de propulsión traseira. (**Grupos N, A, X**), e **Históricos de tódalas traccións (dianteira, traseira e 4x4)**, a exclusivo criterio da Comisión Técnica da F.G.de.A., coa salvedade de exclusión por exceso de potencialidade. Os históricos rexiranse polo Anexo J 1981, Grupos 1,2,3,4 e 5.

Artigo 4.- INSCRICIÓN:

Tódolos interesados en inscribirse na **1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016** deberán facelo enviando as follas de inscrición adxuntas a:

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Ctra. de Vigo, 43 - Baixo · O PINO · 32001 Ourense / Fax: 988 271 461

nun prazo non inferior a 10 días antes da celebración da primeira proba na que desexe participar.

Asimesmo será obrigatorio mercar 5 pneumáticos de competición da HANKOOK, segundo o catálogo adxunto, no distribuidor **RMOParts** (info@rmoparts.com). Durante toda a tempada 2016 só serán válidos para participar os pneumáticos de competición Hankook mercados no distribuidor RMOParts, e obrigatoriamente os participantes deben utilzalos en tódalas probas, e durante todo o percorrido das mesmas. Para ter dereito aos premios-puntos, da segunda metade do calendario, teranse que mercar alomenos dous pneumáticos máis, e enviar copia da factura á Federación Galega de Automobilismo da compra.

Artigo 5.- PROBAS:

Para a **1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016**, serán válidos os nove Rallyes puntuables para os Campionatos Autonómicos de Galicia, debidamente aprobados pola **Federación Galega de Automobilismo**.

RALLYES			2016
DATA	PROBA	ESCUADERÍA	COEF.
19/20-03-2016	22º RALLYE DO COCIDO	LALIN-DEZA	8
09/10-04-2016	32º RALLYE RÍA DE NOIA	BERBERECHO	7
14/15-05-2016	2º RALLYE EUROCIDADE TUI-VALENÇA	DONA URRACA	7
11/12-06-2016	29º RALLYE CIDADE DE NARÓN	SIROCO NARON	8
09/10-07-2016	13º RALLYE SUR DO CONDADO	SURCO	8
10/11-09-2016	21º RALLYE CORUÑA	ONE SEVEN	7
15/15-10-2016	38º RALLYE SAN FROILAN	MIÑO-LUGO	8



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



TECNI SYSTEM BROKER
CORREDURIA DE SEGUROS. S.L.



12/13-11-2016	5º RALLYE OURENSE-RIBEIRA SACRA	LUINTRA	7
03/04-12-2016	9º RALLYE COMARCA DA ULLOA	COMARCA DA ULLOA	7

Artigo 6.- PREMIOS:

A) En cada unha das probas puntuables para a **1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016** outorgaranse os premios segundo a seguinte táboa:

Premios por Rallye "A" de 3 a 5 participantes	Premios por Rallye "B" de 6 a 10 participantes	Premios por Rallye "C" Máis de 10 participantes
1º 150 €	1º 450 €	1º 750 €
2º 100 €	2º 300 €	2º 600 €
3º 50 €	3º 200 €	3º 500 €
	4º 150 €	4º 400 €
	5º 100 €	5º 300 €
		6º 200 €
		7º 100 €

PREMIOS FINAIS A ENTREGAR NA GALA DE ENTREGA DE PREMIOS 2017:

Premios finais (PILOTOS):	Premios finais (COPILOTOS):
1º Trofeo de Bronce FGA	1º Trofeo de Bronce FGA
2º Trofeo de Bronce FGA	2º Trofeo de Bronce FGA

Artigo 7.- En cada proba acadaranse os seguintes puntos, segundo a clasificación exclusiva para vehículos admitidos na **1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016** :

Si saén de 3 a 5 vehículos "A"	Si saén de 6 a 10 vehículos "B"	Si saén máis de 10 vehículos "C"
1º 5 puntos	1º 8 puntos	1º 10 puntos
2º 2 puntos	2º 5 puntos	2º 7 puntos
3º 1 punto	3º 4 puntos	3º 6 puntos
	4º 3 puntos	4º 5 puntos
	5º 2 puntos	5º 4 puntos
	6º 1 punto	6º 3 puntos
		7º 2 puntos
		8º 1 punto

Os puntos P acadados na proba obteranse pola seguinte formula: $P = K * C$, sendo (K) o coeficiente da proba multiplicado por (C) os puntos obtidos nas clasificacións da **1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016**. A clasificación final da **1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016** será establecida entre aqueles pilotos e copilotos que participasen nun número de probas igual a metade máis unha das probas celebradas. Para a clasificación final sumaranse as puntuacións acadadas en tódalas probas celebradas (Pilotos e Copilotos) menos unha.

Artigo 8.- PUBLICIDADE.-

Tódolos vehículos deberán levar un parasol dianteiro de **RALLYCAR-RMOParts** mais 4 adhesivos (36X11cm.), de **HANKOOK** dous nas esquinas superiores da defensa dianteira, e dous nas esquinas



superiores da defensa traseira, así como nas portas laterais a publicidade de **RALLYCAR** (47x24 cm.) apaisado, e porase debaixo do número de competición. Nota: Obrigatoriamente terase que ver na parte dianteira e traseira do vehículo, ou sexa, nunca postos nas partes laterais das defensas.

Baixo ningún concepto estará permitido recorta-la publicidade, nin tapa-la parcialmente. O incumprimento implicará a perda dos puntos e premios da proba de referencia. A reiteración do antedito implicará a descalificación a tódolos efectos da Copa.

A ausencia da publicidade dalgún patrocinador nos lugares previstos, ou a presenza de publicidade oposta ós seus intereses tanto no vehículo coma no equipamento dos pilotos pode sancionarse, a criterio exclusivo do representante do Comité presente na proba, coa perda dos premios e puntos desta, e pode chegar, por reincidencia, ata a descalificación da **1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016**.

Artigo 9.- COMISARIO DE SEGUIMIENTO E PECULIARIDADES. -

- O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facer o seguimento da publicidade, e todo o concernente o bo desenrolo da Copa.
- Os pneumáticos que se merquen para a **1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016**, de rallyes, terán súa pegada identificativa, e a maior o código de barras identificativo para comprobar durante o transcurso do Rallye que foron mercados no distribuidor oficial "RMOParts".
- Calquera equipo que faga unha monta de pneumáticos e lamias de máis de 15" terá que posuir autorización expresa da F.G.de.A., por escrito e en documento oficial expedido ao efecto; que será autorizado, ou non, con criterio baseado no historial do vehículo e da súa ficha de homologación.
- Calquera variación de prestacións do vehículo, mecánica, suspensión, caixa de cambios, etc; pode conlevar a anulación do permiso-autorización de aumento de lamia ou de pneumático.
- O incumprimento, do punto anterior, conleva a anulación dos premios e puntos acadados na proba donde se cometa a infracción.
- Tódolos premios desta copa están afectados pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF, e serán abonados pola F.G.de A.
- A Federación enviará por Halcourier, menxasería oficial, os adhesivos a cada equipo inscrito así como dúas gorras de HANKOOK. A súa utilización é recomendable nos parques de traballo, pechados, así como na cerimonia de entrega de premios.

COMITE ORGANIZADOR
DAS FORMULAS DE
PROMOCIÓN DA F.G.de A.



INSCRIPCIÓN	1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016
--------------------	--

Á PRESENTE SOLICITUDE DÉBENSE ADXUNTAR:

- Fotocopia do D.N.I. (Piloto, Copiloto e Asistencia)
- Fotocopia das licencias (Concursante, Piloto, Copiloto e Asistencia) para a tempada de 2016 en base ó Anexo I do Anuario 2016 da Federación Galega de Automobilismo.
- Coa inscrición, terá que adxuntarse unha factura orixinal, da compra de alomenos 5 pneumáticos HANKOOK a empresa RMOParts (info@rmoparts.com). Para ter dereito os premios-puntos da segunda metade do calendario teranse que mercar alomenos 2 pneumáticos mais, e enviar copia da factura á Federación Galega de Automobilismo.
- É imprescindible aporta-lo certificado de titularidade bancaria para o abono dos premios en metálico que, no seu caso, corresponda, co único alcance de pilotos ou copilotos, exclusivamente. A renuncia expresa do premio non autoriza a transmisión a terceiras persoas, ou entidades, distintas dos premiados.

<p>CONCURSANTE Escudería: _____ Licencia nº EC- _____ GA</p> <p>VEHÍCULO Marca e Modelo _____ Grupo _____ Clase _____ Cilindrada _____ Nº de chasis _____ Matricula _____</p>	<p>PILOTO Nome e Apelidos: _____ _____ Dirección: _____ Teléfono: _____</p> <p>Poboación: _____ C.P. _____ Licencia nº E _____ GA</p>
<p>COPILOTO Nome e Apelidos: _____ _____ Dirección: _____ Teléfono: _____</p> <p>Poboación: _____ C.P. _____ Licencia nº CO _____ GA</p>	<p>ASISTENCIA Nome e Apelidos: _____ _____ Dirección: _____ Teléfono: _____</p> <p>Poboación: _____ C.P. _____ Licencia nº AS _____ GA</p>

Con esta solicitude de inscrición o abaixo firmante inscríbese na 1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016, e declara coñecelo regulamento que o rexe, así como o C.D.I., aceptando sen ningunha reserva, e comprométese a cumprir cantas normas complementarias sexan dictadas pola F.G.de A.

_____ a _____ de _____ de 2016.
 O Concursante.



**FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO**

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



TEMPADA 2016

DOMICILIACIÓN BANCARIA PARA PERCIBILOS PREMIOS EN METÁLICO DA 1ª COPA RALLYCAR-RMOParts HISTORIC 2016

NOME E APELIDOS:	
-------------------------	--

ENTIDADE: CAIXA OU BANCO:	
----------------------------------	--

OFICINA:	
-----------------	--

ENDEREZO:	
------------------	--

LOCALIDADE:	
--------------------	--

C.I.F. / N.I.F.:	
-------------------------	--

CÓDIGO BANCARIO IBAN:

Vintecatro caracteres: código do país+dous díxitos de control+numeración código conta do cliente
PREGASE REVISAR OS VINTE DÍXITOS, E O IBAN

**A ENTIDADE BANCARIA:
SELO E SINATURA**

FDO.: _____
SINATURA

OBRIGATORIO DEVOLVER DEBIDAMENTE CUBERTO Ó FAX 988-271461 (FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO) ou a fga@fga.es.